

Normas de uso

Muro de escalada

Sala dotada cun muro de escalada horizontal de 9,5 x 3,5 m para entrenamiento desta modalidade deportiva.

Capacidade: 8 persoas

Poden utilizar este espazo:

- usuarios con reserva de uso libre para escalada
- outros con autorización do Servizo de Deportes

1. Por seguridade e comodidade non se permite o acceso con bolsas ou mochilas; estas deberán depositarse nos armariños dispostos a tal efecto nas entradas dos vestiarios.
2. Por razóns de hixiene e coidado dos materiais, debe accederse á instalación con roupa e calzado deportivo adecuado e limpo.
3. Non está permitido cambiar as presas de lugar ou posición.
4. Se fora necesario apretar algunha presa ou detecta algunha anomalía, comuníqueo ao persoal da conserxaría.
5. Non está permitido adestrar coa bolsa de magnesio no lombo. Recoméndase o uso de magnesio líquido.
6. Non se permite fumar nin entrar con envases de vidro.
7. Por favor, non abandone desperdicios dentro do recinto da instalación. Use as papeleiras e outros recipientes destinados para o efecto.
8. Calquera tipo de incidencia acaecida como consecuencia directa do incumprimento dalgunha das normas anteriormente expostas ou dun uso inadecuado dos elementos e aparellos cos que conta esta instalación non será responsabilidade da USC. Os accidentes ou lesións que se ocasionen as persoas usuarias na práctica deportiva serán asumidos polos seus respectivos seguros deportivos.
9. Por favor, siga sempre as indicacións do persoal da instalación (conserxaría, técnicos/as, limpeza e mantemento). Non facelo ou incumprir algunha das presentes normas pode ser motivo para anular o permiso de acceso á instalación.

Normas de uso

10. Agradecemos que nos axude a mellorar o funcionamento do servizo utilizando o caixón virtual de suxestións e queixas na nosa páxina web

<https://www.usc.gal/gl/servizos/deportes/buzon>.

A USC resérvase o dereito de modificar as presentes normas, cando as necesidades do servizo o demandaren.